

ANDREA SEGUE IMPARTINDO DOCENCIA

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística Consellería de Cultura, Educación FP e Universidades
Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia e os seus responsables temos en conta a figura de Andrea López Chao como mestra procedente dese centro do saber que foi sempre a fermosa vila mindoniense e que despois de exercer en varias escolas da súa contorna, e debido a razóns que ata o de agora non podemos precisar con exactitude, decidiu comezar o seu nada habitual periplo migratorio cara a illa de Cuba para estar sempre moi vinculada á ampla colectividade galega alí existente. En todo caso, debemos ter en conta a importancia desta emigrante singular – as mestras normalmente non emigraban – pero ela ao descubrir a realidade da nosa xente na Habana non quixo ser unha mera espectadora e iniciou o cometido de trabar polas demais.

Púxose á fronte de moitas iniciativas sociais , que como muller e mestra vía e podía analizar coa profundidade e formación que para outras non era nada doado. Foi docente no denominado plantel educativo do Centro Galego da Habana, que levaba o nome de Concepción Arenal, e formou fundamentalmente rapazas que partiran para emigración cun nivel de alfabetización moi baixo ou mesmo analfabetas . Traballou arreo para ampliar e reforzar un centro que non só desenvolvía unha oferta docente, senón que tamén ofrecía servizos sanitarios aos emigrantes homes, pero non ás mulleres. Coa creación de Hijas de Galicia comeza unha longa andaina na atención sociosanitaria dirixida a mulleres.

Polo tanto, Andrea denunciou algo que hoxe nos pode parecer moi evidente pero que naquel momento e contexto non o era; a ausencia de cobertura sanitaria para as galegas emigradas. Pensou nas outras, nas menos favorecidas, nas que eran mulleres coma ela.

E así foi como, ademais da súa actividade no eido da docencia, Andrea desempeñou tamén un destacado papel na defensa da protección das mulleres. De feito, un dos seus maiores logros é que chegou a formar parte do equipo directivo de Hijas de Galicia. Coa conformación do primeiro hospital, sobre todo de especialidades xinecolóxicas, para mulleres.

Daquela non había ningunha instalación desas características en toda América Latina, o que converte a esta galega nunha muller universal, emblema da nosa Terra e da que este país ten que sentirse moi orgulloso.

Galicia debe presumir desta muller destacada na emigración galega en Cuba. Ten mérito como muller, como mestra, como pioneira en todas estas iniciativas mencionadas e Galicia, un país no que podemos sentirnos orgullosas e orgullosos de ter mulleres célebres como referentes. A mostra máis importante é que o noso sistema cultural e literario é dos poucos que ten como referente unha muller.

Do mesmo xeito que cultivamos o coñecemento da vida e obra de Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Isabel Zendal e unha longa e afortunada nómina de moitas, tamén temos a Andrea López Chao, que desde Hijas de Galicia deu ao mundo enteiro unha lección de como debemos mirar polas que menos poden, polos emigrantes que están lonxe da terra e polas mulleres.

Polo tanto, temos a obriga de presumir destas galegas que foron mulleres valentes que partiron dun lugar difícil e complexo cara un mundo novo. Para elas máis novo aínda.

Deberemos esforzarnos para que as xeracións vindeiras coñezan e teñan como modelo a súa biografía, abundante en valores tan importantes como solidariedade, capacidade de esforzo, superación e dedicación ás mulleres de Galicia.